

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE VAN REXE-LO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO ABREVIADO, CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CÁTERING PARA O “XANTAR DAS PERSOAS MAIORES 2024”

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do presente contrato é a prestación do **servizo de cátering no Xantar das persoas maiores 2024**, cuxa codificación é CPV 55300000-3: Servizos de restaurante e de subministración de comidas.

A teor do disposto no artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP en diante), faise necesario acudir á contratación administrativa externa, dado o carácter e natureza das necesidades que hai que satisfacer, así como a falta de adecuación dos medios persoais e materiais cos que conta este concello para executa-lo obxecto do contrato.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 17 da LCSP.

O servizo que se contratará consistirá na xestión do cátering na denominada “Xantar das persoas maiores 2024”, que se vai realizar no día 25 de outubro de 2024 no polideportivo municipal, sito na rúa Venecia deste concello.

A persoa ou entidade licitadora adxudicataria deberá coordinarse co responsábel do contrato para os efectos do acceso ás instalacións onde se vai realiza-lo evento e a loxística relativa a este.

De conformidade co prego de prescricións técnicas, o precitado servizo comprenderá:

I. En canto á comida que se servirá esta será, **como mínimo e por persoa:**

- Boi (500 gramos)
- Lagostinos (250 gramos)
- Pescada (350 gramos e comprada en lonxas locais)
- Carne de tenreira (250 gramos) e guarnición
- Sobremesas (torta ou similar)
- Pan

II. En canto ás bebidas:

- Viño D.O. Albariño
- Viño D.O. Mencía
- Auga e refrescos



- Café e licores tipo licor café, crema de augardente, de herbas, etc
- III. En canto á organización do evento, terán que se realizar pola persoa ou entidade adxudicataria as seguintes tarefas:
- Organización do espazo onde se realiza o evento
 - Dispoñer mesas redondas no polideportivo, con decoración nelas
 - Mantel de tea
 - Vesti-las cadeiras
 - Climatización do recinto
 - Colocar moqueta no chan do recinto
 - Decora-las paredes e teitos do local
 - Estabelecer unha zona de cociña e preparación de alimentos
 - Música ambiental
- IV. O adxudicatario, tendo en conta o espazo que se facilita por parte do Concello para a realización deste acto, terá que por á disposición todos aqueles medios técnicos, infraestrutura (mesas, cadeiras, enxoval, xogos de cubertos, cristalaría, manteis, moqueta etc.) así como polo menos 1 camareiro/a por cada 18 comensais

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato do citado servizo será o procedemento aberto simplificado abreviado, art. 159.6 da LCSP, cun único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil de contratación

Co fin de asegura-la transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil de contratación aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, sito no enderezo web <https://contrataciondelestado.es/>

CLÁUSULA CUARTA. Orzamento base de licitación, tipo de licitación, valor estimado e prezo do contrato

Para o cálculo do orzamento, no prego de prescricións técnicas, tivéronse en conta os datos existentes na contabilidade municipal relativos á realización do evento en anos anteriores axustados a prezos de mercado e o incremento das materias primas e man de obra, e partindo

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: 981831192



da base do número máximo de asistentes, que foi de 750 persoas, o prezo por asistente/comensal será de 47,50 euros, IVE incluído.

En todo caso, e en previsión dunha posíbel baixa afluencia, asegúrase que o prezo mínimo para percibir pola persoa ou entidade licitadora adxudicataria será o correspondente a 400 comensais, para os efectos de retribuí-la parte do contrato destinada á organización do evento e o persoal asignado a este.

O valor estimado do contrato, artigo 101 LCSP, ascende á contía de 32.385,00 euros (IVE excluído), o cal se determina segundo o seguinte:

Prezo por asistente/comensal: 43,18 euros.

IVE 10%: 4,32 euros.

Prezo total: 47,50 euros.

Número máximo asistentes: 750

Valor estimado: 43,18 euros x 750 asistentes: 32.385,00 euros.

O orzamento máximo de licitación determínase repercutindo o IVE ao valor estimado do contrato:

Base (valor estimado) 32.385,00 euros

IVE 10%: 3.238,50 euros.

Orzamento máximo de licitación: 35.623,50 euros.

Polo tanto o orzamento base de licitación, art. 100 LCSP, coincidente co orzamento máximo de execución por contrata, ascende á contía de 35.623,50 euros.

O tipo de licitación sobre o que versarán as ofertas presentadas polas persoas ou entidades licitadoras é o prezo unitario que se establece a continuación e que consignarán no modelo de proposición recollido na base 8.^a do presente prego. Para tal efecto, determínase como tipo de licitación o importe **de corenta e sete euros con cincuenta céntimos (47,50 €), IVE incluído.**

O prezo do contrato virá determinado pola oferta económica presentada pola persoa ou entidade licitadora adxudicataria, por comensal, e multiplicado polas persoas asistentes ó evento.

En todo caso, e en previsión dunha posíbel baixa afluencia, asegúrase que o prezo mínimo para percibir pola persoa ou entidade licitadora adxudicataria será o correspondente a **400** comensais, para os efectos de retribuí-la parte do contrato destinada á organización do evento e o persoal asignado a este.

Para poder leva-lo control do número de comensais, e sen prexuízo doutros controis, por parte do departamento de Turismo municipal darase traslado do número de entradas vendidas á persoa ou entidade adxudicataria.



O importe aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 338.22699 do vixente orzamento municipal, tendo en conta que o presente contrato ten condicionada a súa adxudicación á consolidación dos recursos orzamentarios necesarios e que a data da sinatura deste documento se atopa en tramitación o expediente necesario para tal fin. O carácter deste contrato será de tramitación anticipada, ao abeiro da Disposición adicional terceira.2 da LCSP, e quedan sometidas á condición suspensiva da efectiva existencia dos recursos cos que haberá de financiarse, cuxos efectos quedarán en suspenso ata que se verifique o cumprimento da condición da que depende a súa eficacia.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

Debido á natureza da prestación que se realizará, ó se tratar dun evento excepcional, o prazo de duración do contrato será o necesario para a execución das prestacións obxecto do dito contrato.

A realización do evento do que é obxecto este contrato terá lugar no día 25 de outubro de 2024. Será o seu horario de 14:30 a 20:30 horas e o lugar de celebración será o Polideportivo Municipal sito na Rúa Venecia desta vila.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incursas en prohibicións de contratar.

A capacidade de obrar das empresas e a non concorrencia de prohibicións de contratar acreditarase mediante a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acredita, a teor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do ou da empresaria en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar nel.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do contratista

Visto o recollido no artigo 77 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, a clasificación do contratista non resulta esixible para os efectos da acreditación da solvencia.

Sen prexuízo do anterior e do recollido na cláusula sétima, as persoas ou entidades licitadoras

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: 981831192



poderán demostra-la súa solvencia mediante a acreditación da clasificación, nos termos do recollido no artigo 80 da LCSP, nos seguintes grupo, subgrupo e categoría:

- Grupo: M
- Subgrupo: 6
- Categoría: 1

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de ofertas e documentación administrativa

8.1 Condicións previas

As proposicións das persoas interesadas deberanse axustar ós pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada pola empresaria/o do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen excepción ou reserva ningunha.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outras se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por ela subscritas.

8.2 Lugar e prazo de presentación de ofertas

A presente licitación ten carácter electrónico. As persoas ou entidades licitadoras deberán preparar e presenta-las súas ofertas obrigatoriamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A utilización destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática pola persoa ou entidade licitadora
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema
- A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma
- A emisión e recepción das comunicación relativas ao procedemento a través da plataforma, así como a presentación de calquera documentación requirida aos licitadores.

As proposicións, xunto coa documentación preceptiva, débese presentar, dentro do prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no perfil de contratación, exclusivamente de forma electrónica a través da ferramenta de



preparación e presentación de ofertas que a Plataforma de Contratación do Sector Público pon a disposición de candidatos e entidades licitadoras para tal fin.

A oferta electrónica e calquera outro documento que a acompañe deberán estar asinados electronicamente por algún dos sistemas de sinatura admitidos polo artigo 10 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Para garanti-la confidencialidade do contido dos arquivos electrónicos que conteñan a oferta ata o momento da súa apertura, a ferramenta cifrará os devanditos arquivos electrónicos no envío.

Unha vez realizada a presentación, a ferramenta proporcionará á entidade licitadora un xustificante de envío, susceptible de almacenamento e impresión, co selo de tempo.

8.3. Información ás persoas ou entidades licitadoras

Cando sexa preciso solicita-la información adicional ou complementaria a que se refire o artigo 138 da LCSP, a Administración contratante deberá facilitala, polo menos, seis días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, sempre que a dita petición se presente cunha antelación mínima de doce días respecto daquela data. A dita solicitude efectuarase ó número de fax ou ó enderezo de correo electrónico previsto no anuncio de licitación.

8.4 Contido das proposicións

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse nun único arquivo electrónico, sobre C, asinado polo/a licitador/a, no que se fará consta-la denominación do arquivo electrónico e a lenda «Proposición para licitar á contratación do servizo de contrato de obras, polo procedemento aberto simplificado, para a prestación do **servizo de catering no Xantar para as persoas maiores 2022**». A denominación dos arquivos é a seguinte

ARQUIVO ELECTRÓNICO «C»

PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICÁBEL DE FORMA AUTOMÁTICA

a) declaración responsable e proposición económica

Presentarase conforme o seguinte modelo:

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: 981831192



« _____, co domicilio para os efectos de notificacións en _____, _____, núm. ____, co nif núm. _____, en representación da entidade _____, co cif/nif núm. _____, tendo coñecemento da licitación denominada “**SERVIZO DE CÁTERING NO XANTAR DAS PERSOAS MAIORES 2024**”, polo procedemento aberto simplificado, anunciada no perfil de contratación, fago constar que coñezo o prego que serve de base ó contrato e que o acepto integramente, declarando o seguinte:

- 1) Que desempeña a representación da sociedade que presenta a oferta;
- 2) Que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente;
- 3) Que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade;
- 4) Que non esta incurso en prohibición de contratar;
- 5) De conformidade co disposto no art 159 e 75.2 LCSP. (Indicar a opción):

5. a. Que non vai recorrer ás capacidades doutras entidades.

5.b. Que vai recorrer ás capacidades doutras entidades , comprometéndose a dispor dos recursos necesarios mediante a presentación para ese efecto do compromiso por escrito destas entidades, UNHA VEZ REQUIRIDO POLA Administración.

- 6) O seu sometemento ao foro español (só no caso de empresas estranxeiras)
- 7) Que se atopa inscrita no Rexistro/s:

a) Rexistro Oficial de Licitadores e empresas clasificadas do Sector Público número de inscrición _____

b) Rexistro equivalente da Comunidade Autónoma de Galicia número de inscrición _____

Así mesmo, comprométese a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe, por comensal, de:

1.- Prezo sen IVE:

2.- Importe correspondente ó IVE:

3.- Importe total (1+2):

O importe total máximo, tendo en conta a previsión inicial de asistencia, 750 persoas, e o seguinte:

1.- Prezo sen IVE:..... x 750 persoas=

Concello da Pobra do Caramiñal



2.- IVE:.....

3.- Importe total máximo:.....

En _____, a ___ de _____ de 20__

Sinatura do/da candidato/a,

Asdo.: _____»

CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de adjudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a un único criterio de adjudicación que será o prezo.

Criterios avaliados de forma automática: ata un máximo de 100 puntos.

OFERTA ECONÓMICA: Ata un máximo de 100 puntos.

Valórase ata 100 puntos conforme á seguinte desagregación (Para este proceso de cálculo utilizaranse números de 2 decimais, aplicando os redondeos que por exceso ou defecto correspondan). Calculárase aplicando a fórmula elaborada polo Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela e aplicable, entre outros nos procedementos de contratación da Deputación da Coruña, a cal pódese consultar no seguinte enlace: (<https://www.dacoruna.gal/contratacion/valoracion/>).

CLÁUSULA DÉCIMA. Admisibilidade de variantes

Non se admiten variantes.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Ofertas anormalmente baixas

Concello da Pobra do Caramiñal

R/ Gasset, 28, A Pobra do Caramiñal. 15940 (A Coruña). Tfno. 981843280. Fax: 981831192



Cando en aplicación dos parámetros establecidos nos criterios de valoración das ofertas, algunha delas estea incurso en presunción de anormalidade, concederáse aos licitadores afectados un prazo de TRES días hábiles para que poidan presentar unha xustificación axeitada das circunstancias que lles permitan executar dita oferta nesas condicións, cos criterios que se sinalan respecto diso no artigo 149.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Á vista das xustificacións dos contratistas, cuxa oferta fose clasificada como desproporcionada e do informe técnico que as analice, a Mesa de Contratación propoñeralle ao órgano de contratación motivadamente a admisión da oferta ou a súa exclusión.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Preferencias de adjudicación en caso de empates

No caso de se producir un empate entre as ofertas presentadas polos/as licitadores/as, estarase ó recollido no artigo 147.2 da LCSP, sendo de aplicación os criterios de desempate recollidos na orde en que aparecen no texto da norma.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polas ou polos licitadores no momento en que se produza o empate e tralo requirimento do órgano competente.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Apertura de proposicións

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que nestes establécense.

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aqueloutros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da



Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como secretario un funcionario da Corporación.

A composición da Mesa será a que consta na resolución da alcaldía número 2024-0531 de data 6 de xuño de 2024, e publicarase no perfil de contratante do órgano de contratación.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Adxudicación do contrato

Nun prazo non superior a cinco días dende a finalización do prazo de presentación, no seu caso, da documentación acreditativa requirida pola mesa, procederase a adxudica-lo contrato a favor da persoa ou entidade licitadora proposta e, unha vez adxudicado, á súa formalización.

A adxudicación deberá ser motivada e notificarase ós /ás candidatos/as ou licitadores/as, e deberá ser publicada no perfil de contratación no prazo de 15 días.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Formalización do contrato

O contrato perfeccionarase coa súa formalización.

En calquera caso, consonte ao art. 159.6 LCSP, a formalización do contrato efectuarase mediante a firma de aceptación polo contratista adxudicatario da resolución de adxudicación.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Condicións especiais de execución do contrato

No presente prego establécense como condicións especiais de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ó seu obxecto, no sentido do artigo 145 da LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatorias, as seguintes condicións de execución:

Coa finalidade de favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar, establécese como condición especial de execución a contratación de traballadoras demandantes de emprego con base na seguinte escala:

Unha traballadora nos contratos cuxo valor estimado estea comprendido entre 30.000 e 500.000 euros; dúas traballadoras nos contratos de 500.001 a 1.000.000 €; tres traballadoras



nos contratos de 1.000.001 a 2.000.000 €; catro traballadoras nos contratos de 2.000.001 a 3.000.000 €; nos contratos de máis de 3.000.001 €, polo menos o 10% do persoal que se dedique á prestación do servizo.

A acreditación do cumprimento desta condición esencial realizarase mediante a aportación ante o órgano de contratación do contrato da/s persoa/s contratada/s que cumpran os requisitos indicados nos parágrafos anteriores e os RNT e RLC da empresa do mes anterior á celebración do contrato e do mes da celebración do mesmo conxuntamente coa presentación da factura polo servizo prestado.

O incumprimento desta condición especial de execución considerarase incumprimento de obrigaón esencial, e en consecuencia e seguindo o recollido no artigo 211 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o órgano de contratación poderá acorda-la resolución do contrato e a inhabilitación da empresa para contratar.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Dereitos e obrigacións das partes

17.1 Aboamentos ó/á contratista

O pagamento do servizo efectuarase á súa realización, trala previa presentación da factura debidamente conformada.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, os seguintes extremos previstos no apartado segundo da disposición adicional trixésimo segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, así como na normativa sobre facturación electrónica:

Entidade contratante	CONCELLO DE A POBRA DO CARAMIÑAL CIF: P1506800J CÓDIGO: L01150676	
Órgano xestor	CÓDIGO DIR3: LA0002118	ALCALDÍA
Unidade tramitadora	CÓDIGO DIR3:LA0002121	SERV. CONTRATACIÓN
Oficina contable	CÓDIGO DIR3:LA0002120	INTERVENCIÓN

O/a contratista deberá presenta-las facturas nun rexistro administrativo no prazo de 30 días dende a data da prestación, no caso de servizos de tracto sucesivo as facturas deberán presentarse no prazo máximo de 10 días dende a realización da prestación no período de que se trate. A factura deberá presentarse en formato electrónico nos supostos que fixa a Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso á factura electrónica e creación do Rexistro Contábel

Concello da Pobra do Caramiñal



de Facturas do Sector Público: nestes casos, a presentación da factura no Punto Xeral de Acceso equivale á presentación nun rexistro administrativo.

De acordo co establecido no artigo 198 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a Administración terá obrigaón de aboa-lo prezo dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, sen prexuízo do establecido no apartado 4 do artigo 210, e se se demorase, deberá aboar á/ó contratista, a partir do cumprimento do devandito prazo de trinta días os intereses de demora e a indemnización polos custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Para que haxa lugar ó comezo do cómputo de prazo para devindicación de xuros, a/o contratista deberá cumprila obrigaón de presenta-la factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, no tempo e na forma, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva das mercadorías ou a prestación do servizo.

Por outra banda, a Administración deberá aproba-los documentos que acrediten a conformidade co disposto no contrato dos servizos prestados, dentro dos trinta días seguintes á prestación do servizo.

17.2. Obrigacións laborais, sociais e de transparencia

A/o contratista está obrigado ó cumprimento da normativa vixente en materia laboral e de seguridade social. Así mesmo, está obrigado ó cumprimento do Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social; da Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; da Lei 31/1995, de 8 de novembro, sobre prevención de riscos laborais, e do Regulamento dos servizos de prevención, aprobado polo Real decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, así como das normas que se promulguen durante a execución do contrato.

A empresa contratista está obrigada a cumprir durante todo o período de execución do contrato as normas e condicións fixadas no convenio colectivo de aplicación, aínda que en todo caso, a ou o adxudicatario estará obrigado a cumprilas condicións salariais do persoal traballador conforme o convenio colectivo sectorial de aplicación, quedando o cumprimento do recollido no presente parágrafo configurado como unha condición especial de execución ao abeiro do recollido no artigo 202 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, atribuíndolle así mesmo o carácter de obriga contractual esencial cos efectos do artigo 211.f) da mesma norma.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, a ou o adxudicatario do contrato está obrigado a fornecer á Administración, tralo requirimento previo, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigaóns previstas na citada norma, así como naquelas normas que se diten no ámbito municipal.



17.3. Prazo de garantía

O servizo prestado quedará suxeito a un prazo de garantía dun mes que se contará dende a data da realización do evento, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ó estipulado no presente prego e no de prescricións técnicas. Transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos ós traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do/da contratista.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados o órgano de contratación terá dereito a reclamar á/ó contratista a emenda destes.

17.4. Gastos exixíbeis á/ó contratista

Son de conta da/do contratista os gastos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, de se-lo caso, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

17.5. Obrigas relativas á xestión de permisos, licenzas e autorizacións

A/o contratista estará obrigado, salvo que o órgano de contratación decida xestionalo en por si e así llo faga saber de forma expresa, a xestiona-los permisos, licenzas e autorizacións establecidas nas ordenanzas municipais e nas normas de calquera outro organismo público ou privado que sexan necesarias para o inicio, execución e entrega da subministración, solicitando da Administración os documentos que para iso sexan necesarios.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Subcontratación

Autorízase a subcontratación parcial das prestacións accesorias obxecto do contrato nos termos e coas condicións que establece o artigo 215 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

A subcontratación deberá realizarse cumprindo os requisitos básicos seguintes:

a) Comunicación previa e por escrito ó Concello da/do adxudicatario dos datos seguintes en relación con cada subcontrato que pretenda realizar:

-Identificación da/do subcontratista, cos seus datos de personalidade, capacidade e solvencia.

-Identificación das partes do contrato por realizar polo subcontratista.

-Importe das prestacións por subcontratar.



b) Non poderá subcontratarse con persoas ou empresas inhabilitadas para contratar coa Administración nin carentes da capacidade, solvencia e habilitación profesional precisa para executa-las prestacións concretas que se subcontratan.

c) O/a contratista que subcontrate deberá comprobar, con carácter previo ó comezo dos traballos que subcontrate, a afiliación e alta na Seguridade Social das persoas traballadoras que vaian realiza-los traballos en cuestión en cumprimento do establecido no Real decreto lei 5/2011, de 29 de abril, de medidas para a regularización e control do emprego somerxido e fomento da rehabilitación de vivendas.

d) O contratista deberá informa-las representacións das e dos traballadores da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.

e) Os/as subcontratistas quedarán obrigados/as só ante a/o contratista principal que asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Concello, con estrita suxeición ós pregos de cláusulas administrativas particulares e ós termos do contrato, sen que o coñecemento por parte do Concello da existencia de subcontratacións altere a responsabilidade exclusiva do/da contratista principal.

f) O/a contratista deberá aboar ós /ás subcontratistas o prezo pactado polas prestacións que realicen como mínimo nos prazos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para garantir tal cumprimento, con cada facturación ó Concello deberá o/a contratista achega-lo xustificante do pagamento dos traballos realizados no mes anterior polas empresas ou persoas autónomas que subcontrate no marco do presente contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Modificacións contractuais previstas

Non se prevén modificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Sucesión na persoa do/da contratista

Nos casos de fusión, escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade destas, continuará o contrato vixente coa entidade resultante, que quedará subrogada nos dereitos e obrigacións dimanantes del, de se produciren as condicións exixidas no artigo 98 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

É obrigación do/da contratista comunicar fidedignamente á Administración calquera cambio que afecte á súa personalidade xurídica, suspendéndose o cómputo dos prazos legalmente previsto para o aboamento das facturas correspondentes ata que se verifique o cumprimento das condicións da subrogación.



Se non puidese producirse a subrogación por non reuni-la entidade á cal se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias, resolverase o dito contrato, e considerárase para tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do/da contratista.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Cesión do contrato

O contrato poderá ser obxecto de cesión cos límites e requisitos do artigo 214 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público:

- a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión
- b) Que o/a cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato
- c) Que a ou o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte exixíbel en función da fase de execución do contrato, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi esixido á/o cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.
- d) Que a cesión se formalice, entre a parte adxudicataria e a cesionaria, nunha escritura pública.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Penalidades por incumprimento

22.1 Penalidades por demora

A ou o adxudicatario queda obrigado ó cumprimento do prazo de execución do contrato e dos prazos parciais fixados polo órgano de contratación.

Cando a/o contratista, por causas imputábeis a el, incorrese en demora respecto ó cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias recollidas no artigo 193.3 da LCSP.

Sen prexuízo do anterior, a Administración queda facultada para exixir da/do adxudicatario a satisfacción da indemnización por danos e prexuízos que a demora ou incumprimento defectuoso do contrato lle provocase.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acorda-la continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Cando a/o contratista, por causas imputábeis a el, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.



22.2 Penalidades por incumprimento ou cumprimento defectuoso da prestación

Considéranse moi graves os incumprimentos por parte da/do adxudicatario de calquera das condicións especiais de execución establecida na cláusula 17 deste prego de cláusulas particulares.

Estes incumprimentos serán causa de resolución do contrato, salvo que se considere que a actuación é illada e susceptíbel de recondución, e que a resolución do contrato non resulta conveniente para o interese do servizo en cuestión: nese caso, substituirase pola penalización correspondente.

Estes incumprimentos contractuais moi graves levarán á resolución do contrato, nos termos do recollido no artigo 211.f) da LCSP e 202.3 da mesma norma.

O incumprimento por parte da/do contratista das obrigacións establecidas na cláusula 18 en materia de subcontratación, levará unha penalización do 50% do importe do subcontratado, sendo a súa reiteración causa de resolución do contrato.

As penalizacións que se impoñan á/ó adxudicatario son independentes da obrigación da/do contratista de indemnizar polos danos e prexuízos que o seu incumprimento ocasione ó Concello ou a terceiras partes con dereito a repetir contra o Concello.

No caso de incumprimentos por parte da/do adxudicatario de aspectos da súa oferta, a indemnización que se exixirá á/ó contratista incorporará a diferenza que no seu caso exista entre a súa oferta e a do seguinte contratista a quen se adxudicou o contrato sen ter en conta o criterio que non cumpriu a/o adxudicatario.

23.3 Imposición de penalidades

Para a imposición destas penalizacións e indemnizacións por incumprimentos contractuais seguirase un expediente contradictorio sumario, en que se concederá á/ó contratista un prazo de alegacións de 5 días naturais tras formularse a denuncia. As ditas alegacións e o expediente de penalización será resolto, tralo previo informe da/do responsábel municipal do servizo e informe xurídico, polo Sr. alcalde ou concelleiro/a en quen delegue, resolución que porá fin á vía administrativa.

O inicio do expediente para a imposición destas penalidades polo Concello realizarase no momento en que teña coñecemento por escrito dos feitos. No entanto, de se estimar que o incumprimento non vai afectar á execución material dos traballos de maneira grave ou que o inicio do expediente de penalización pode prexudicar máis a marcha da execución do contrato que beneficala, poderá iniciarse o devandito expediente en calquera momento anterior á terminación do prazo de garantía do contrato.

As penalidades e indemnizacións impostas serán inmediatamente executivas e faranse efectivas mediante dedución dos pagos correspondentes que o Concello teña pendentes de aboar á/ó contratista. Se xa non existisen cantidades pendentes de pagamento, poderanse facer efectivas contra a garantía definitiva e se esta non alcanzase o montante da penalización, poderase reclamar pola vía administrativa de prema por considerarse ingreso de dereito público.



CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Resolución do contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 211 e 313 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia da/do contratista.

Ademais o contrato poderá ser resolto polo órgano de contratación cando se produza o incumprimento do prazo total ou dos prazos parciais fixados para a execución do contrato que faga presumiblemente razoábel a imposibilidade de cumpri-lo prazo total, sempre que o órgano de contratación non opte pola imposición das penalidades de conformidade coa cláusula 23.

Así mesmo serán causas de resolución do contrato ó amparo do artigo 211 f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, as establecidas como obrigacións esenciais polo órgano de contratación.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Responsábel do contrato

No acordo de adxudicación do contrato designarase a persoa responsábel da execución do contrato, coas funcións que se prevén no artigo 62 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e en concreto as seguintes:

- Realiza-lo seguimento material da execución do contrato, para constatar que a/o contratista cumpre as súas obrigacións de execución nos termos acordados no dito contrato.
- Verifica-lo efectivo cumprimento das obrigacións da/do adxudicatario en materia social, fiscal e ambiental, e en relación cos/coas subcontratistas se houbese, así como o cumprimento das obrigacións establecidas no contrato que supoñan a achega de documentación ou a realización de trámites de tipo administrativo.
- Promove-las reunións que resulten necesarias co fin de solucionar calquera incidente que xurda na execución do obxecto do contrato, sen prexuízo da súa resolución polo órgano de contratación polo procedemento contradictorio que establece o artigo 97 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.
- Dar á/ó contratista as instrucións oportunas para asegura-lo efectivo cumprimento do contrato nos termos pactados, que serán inmediatamente executivas en canto poidan afectar á seguridade das persoas ou cando a demora na súa aplicación poida implicar que devesen inútiles posteriormente en función do desenvolvemento da execución do contrato; nos demais casos, e en caso de mostra-la súa desconformidade o adxudicatario, resolverá o órgano de contratación sobre a medida que se deba adoptar, sen prexuízo das posíbeis indemnizacións que poidan proceder.



- Propo-la imposición de penalidades por incumprimentos contractuais.
- Informar nos expedientes de reclamación de danos e prexuízos que suscite a execución do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Unidade encargada do seguimento e execución

De conformidade co disposto no artigo 62.1 da LCSP, a unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato será o persoal de Turismo do Concello asignado á realización do evento.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Confidencialidade e tratamento de datos

26.1 Confidencialidade

A empresa adjudicataria (como encargada do tratamento de datos) e o seu persoal, en cumprimento dos principios de integridade e confidencialidade, deben trata-los datos persoais a que teñan acceso de forma que garantan unha seguridade axeitada, incluída a protección contra o tratamento non autorizado ou ilícito e contra a súa perda, destrución ou dano accidental, mediante a aplicación de medidas técnicas ou organizativas apropiadas de conformidade co establecido na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal e no Regulamento 2016/679 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ó tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos).

Esta obrigaón é complementaria dos deberes de segredo profesional e subsistirá aínda que finalice o contrato co responsábel do tratamento dos datos (Concello).

26.2 Tratamento de datos

A entidade adjudicataria, en canto ó tratamento de datos de carácter persoal, deberá respectar, en todo caso, as prescricións da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, especialmente deberá cumprir as seguintes obrigaóns conforme ó disposto no artigo 9 da citada norma:

- A empresa adjudicataria non aplicara tales datos nin os utilizará para fins distintos á prestación do servizo que constitúe o obxecto do presente contrato.
- Non comunicará tales datos, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas, físicas ou xurídicas, salvo nos casos previstos na lexislación vixente.
- A empresa comprométese a adoptar as medidas de índole técnica e organizativa necesarias que garantan a seguridade dos datos de carácter persoal e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, tendo en conta o estado da



tecnoloxía, a natureza dos datos almacenados e os riscos os que están expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SÉTIMA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeráse polo establecido neste prego, e para o non previsto nel, será de aplicación a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014; o Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público; e o Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

A orde xurisdiccional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 27.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector Público.

Na data da súa sinatura dixital.

O técnico de Administración Xeral

Emilio Caínzos Quintás

